



Expediente 2023 SUBV00004

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE RIBEIRA E A PARROQUIA DE SANTA UXÍA DE RIBEIRA-ARZOBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Obxecto: Participación na Programación de Semana Santa en Ribeira no ano 2023.

De conformidade coa resolución, **Decreto de Alcaldía de data 27/03/2023.**

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Manuel Ruiz Rivas, Alcalde-Presidente do Concello de Ribeira, que actúa en nome e representación do Concello de Ribeira, con CIF P1507400H de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, e o artigo 124 da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora de Bases do réxime local.

E doutra, D. Alfonso Mera Nogueiras, en calidade de Párroco de Santa Uxía de Ribeira (nomeamento efectuado por Decreto do Arzobispo de Santiago de Compostela na data 9/10/2017) e certificado expedido polo Arzobispado na data de 03/03/2022, en nome da Parroquia de Santa Uxía de Ribeira- Arzobispado de Santiago de Compostela co CIF R1500020A, enderezo fiscal na Praza Inmaculada, nº 1, CP 15704 Santiago de Compostela e aos efectos de notificación na Praza Porta do Sol, nº 10 CP 15960 Ribeira (A Coruña).

Ambas partes recoñécense mutuamente a capacidade, a representación e a lexitimación necesarias para formalizar este Convenio de Colaboración e por tanto,

Antecedentes. Motivación.

Considerando que o artigo 44.1 da Constitución Española sinala que "os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito".

Os concellos, como entidades que pola súa maior proximidade, desempeñan un protagonismo destacado, e os sitúa nunha posición inmejorable para coñecer as necesidades e dar así unha resposta axeitada.

Estando próximos á celebración da Semana Santa, días de lecer e de manter vivas unhas tradicións que van máis aló de ser manifestacións relixiosas, tendo éstas unha etiqueta de bens culturais, xa que por si mesmas destacan un espazo no noso calendario.

A Semana Santa comprende unha grande diversidade de valores culturais, entre as que destaca a súa función como forma de expresión da relixiosidade popular e o seu papel como marcador identitario, e a súa relación coas múltiples obras mobles e inmobles de valor artístico.

Desde a época medieval, as celebracións de Semana Santa funcionaron como formas de expresión da relixiosidade popular e como referentes identitarios, non só para o mundo católico, senón tamén para gran parte do conxunto da poboación e para as comunidades implicadas, que converteron esta celebración nun fenómeno plural no que participan todos os xéneros e capas sociais, en moitos casos á marxe da práctica relixiosa.

Conscientes de que esta celebración pode suscitar arte e cultura, así como un espazo para promover o turismo, dar a coñecer o patrimonio artístico e cultural da cidade de Ribeira.

Neste marco é do noso interese apoiar e promover a celebración da Semana Santa nos actos que terán lugar do 02 ao 09 de abril de 2023, na divulgación e difusión da programación así como da participación de agrupacións musicais nas diferentes convocatorias ao longo destes días.

A colaboración nesta programación, supón contribuir no financiamento dos gastos que son referidos á difusión e divulgación da programación así como da participación de grupos de música (Banda de Música), seguros de responsabilidade civil nos actos do programa de Semana Santa en Ribeira do 02 ao 09 de abril de 2023.



<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 0/E70C1037910D06V9R4I19_LCC9 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	FIRMANTE - FECHA	<p>EXPEDIENTE 2023SUBV000004 Fecha: 20/03/2023 Hora: 00:00 Unid. reg.: REGISTRO GENERAL</p>
	<p>MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 29/03/2023 ALFONSO MERA NOGUEIRAS-PÁRROCO STA UXÍA DE RIBEIRA - 03/04/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo.TS@: @firma.OU=Secretaría General de Administración Digital.O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/04/2023 20:52:27</p>	





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

O Concello de Ribeira entende que o apoio e promoción deste programa Semana Santa 2023 en Ribeira é de interese xeral para o conxunto da comunidade.

Que no artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións entende por subvención toda toda disposición monetaria realizada polas entidades que integran la Administración Local a favor de persoas públicas ou privadas e que cumpran os seguintes requisitos: que a entrega se realice sin contraprestación directa dos beneficiarios, que a entrega esté suxeita ao cumprimento dun determinado obxectivo, á realización dunha actividade, debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se tiveran establecido, e que o proxecto financiado teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

Que no artigo 22.2 da Lei Xeral de Subvencións dispón que podrán concederse de forma directa as subvencións recollidas nominativamente nos presupostos, nos términos establecidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións, e no artigo 28 establece que os convenios serán o instrumento habitual para canalizar estas subvencións.

Visto que a Base nº 52.4 de execución do orzamento permite á Alcaldía outorgar subvencións nominativas a entes públicos ou privados por razóns de interese público, propónse a concesión da seguinte axuda:

Obxecto	Beneficiario		
	NIF	Denominación	Importe
Participación na celebración do programa Semana Santa de Ribeira, do 02 ao 09 de abril de 2023	R 1500020A	Parroquia de Sta. Uxía de Ribeira- Arzobispado de Santiago de Compostela	1.500,00 €

De acordo co anterior, e a fin de establecer as bases da colaboración coa Parroquia de Sta. Uxía de Ribeira - Arzobispado de Santiago de Compostela para participar na celebración do Programa Semana Santa de Ribeira, do 02 ao 09 de abril de 2023, ambas partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración de conformidade coas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: Obxecto da subvención

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración entre o Concello de Ribeira e Parroquia de Sta. Uxía de Ribeira- Arzobispado de Santiago de Compostela a través do apoio económico para a celebración do programa da Semana Santa de Ribeira, que terá lugar nesta cidade do 02 ao 09 de abril de 2023.

Segunda: Medios

O Concello de Ribeira fomentará este apoio a través da concesión dunha subvención directa á Parroquia de Sta. Uxía de Ribeira - Arzobispado de Santiago de Compostela. Esta subvención ascende á cantidade de 1.500,00 €.

Terceira: Obrigas

O Concello de Ribeira comprométese a abonar á Parroquia de Sta. Uxía de Ribeira - Arzobispado de Santiago de Compostela a cantidade de 1.500,00€ que se imputará á partida 231E.480.00

Parroquia de Sta. Uxía de Ribeira - Arzobispado de Santiago de Compostela, comprométese a:

- Con anterioridade á sinatura deste convenio a facer entrega de
 - Certificados ou declaración responsable de estar ao corrente das obrigas tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería da Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.
 - Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da LXS.

CSV: 07E70010379100D6V9R4H9LOC9



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70010379100D6V9R4H9LOC9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-A. CALDE PRESIDENTE - 29/03/2023
ALFONSO MERA NOGUEIRAS-PARROCO STA UXA DE RIBEIRA - 03/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/04/2023 23:52:27

EXPEDIENTE
2023SUBV000004
Fecha: 20/03/2023
Hora: 00:00
Unic. reg: REGISTRACION GENERAL





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- b) Destinar os fondos aportados polo Concello de Ribeira á finalidade contemplada de contribuir ao financiamento dos gastos derivados da participación no Programa Semana Santa de Ribeira do 02 ao 09 de abril de 2023 e a presentar a documentación xustificativa nos termos establecidos nas cláusulas deste convenio.
- c) Dispor de toda clase de autorización ás que se veña suxeita a realización do proxecto obxecto desta subvención.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ribeira poida acordar para comprobar as actuacións ás que dedique a axuda.
- e) Difundir na publicidade do proxecto a colaboración do Concello de Ribeira en todos os carteis, información gráfica, escrita ou audiovisual que realice, inserindo o seu logo oficial no material que se empregue para a devandita difusión.
- f) Comunicar ao concello calquera modificación que se pretenda realizar no proxecto inicialmente presentado e que deberá ser autorizado previamente.

Cuarta: Xustificación e pagamento

As normas que rexerán a xustificación e pagamento da subvención serán as seguintes:

As achegas municipais faranse efectivas logo de xustificación documental de ter realizado a actividade subvencionada. Só de forma excepcional e debidamente motivada poderán librarse fondos anticipados que, en todo caso, deberán aterse ás seguintes normas:

- 1) Requirirase a previa constitución de fianza, aval ou garantía abonda polo importe total da cantidade anticipada máis un 20 por 100 en concepto de posibles xuros moratorios, agás as entidades exentas por Lei da prestación de garantías ou caucións.
- 2) Deberá acreditarse que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social e coa Administración Autonómica.
- 3) Non será posible expedir un pagamento anticipado se o beneficiario ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade e transcorrendo o prazo de xustificación previsto, non se achegase a documentación xustificativa da aplicación total dos fondos anticipados nas condicións establecidas no acordo ou convenio correspondente."

O prazo de xustificación da subvención finalizará ó 30 de xuño de 2023, agás que se solicitara e concedera unha prórroga. A prórroga que se conceda será única, e non excederá en ningún caso do prazo dun mes.

- Para o pagamento da subvención presentarase a seguinte documentación:

1º.- Memoria xustificativa do proxecto obxecto da subvención.

2º.- Conta xustificativa de ingresos e gastos, que incluíra facturas orixinais, ou copias compulsadas dos gastos ocasionados na realización do proxecto obxecto de subvención, así como doutras achegas públicas ou privadas que se recibiran para o mesmo fin. O importe da subvención concedida en ningún caso poderá representar máis do 80% do custo da actividade, tal e como se estableza nas bases de execución. No caso de que a conta xustificativa presentada non cumprise o requisito anterior o Concello concederalle un prazo de 10 días para que proceda á enmenda, e de non producirse a achega outorgada experimentará unha redución proporcional. Se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do importe concedido, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3º.- Copia dos medios que se utilizaron para publicitar as actividades, constando na medida do posible a colaboración do Concello de Ribeira.

4º.- Certificación bancaria orixinal da conta na que desexen que se lles ingrese o importe da achega.

- As facturas deberán cumprir os requisitos esixidos polos regulamentos do I.V.E. e de expedición de facturas. No caso de facturas expedidas por persoas físicas deberá acreditarse ter practicado a oportuna retención por IRPF.



Para a autenticidade de este documento se pode comprobar con el código 07E70010379100D6V9R4H9LOC9 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUELU RUIZ RIVAS-A CALDE PRESIDENTE - 29/03/2023
ALFONSO MERA NOGUE RAS-PARROCO STA LUXA DE RIBEIRA - 03/04/2023
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @Irma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/04/2023 23:52:27

EXPEDIENTE :
2023SUBV000004

Fecha: 20/03/2023

Hora: 00:00

Url: reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E70010379100D6V9R4H9LOC9





CONCELLO
DE
RIBEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Os conceptos subvencionables serán os gastos non inventariables que se derivan da execución deste proxecto, tales como gastos de difusión e divulgación do programa e actuacións musicais (banda de música) e seguros de responsabilidade civil dos actos de Semana Santa de Ribeira do 02 ao 09 de abril de 2023.

- Xustificante do pago das facturas aportadas como xustificación, deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Non se aceptará ningún xustificante de gasto que non se acompañe do correspondente medio de pago, polo que non se admitirán pagos en metálico, independentemente do seu importe.

O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio poderá traer consigo a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que procedan, de conformidade co establecido nos artigos 37 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Para todo o non previsto neste convenio será de aplicación o contemplado no marco normativo vixente, e especialmente nas bases de execución de orzamento.

Quinta: Efectos

O presente convenio terá efectos dende á data de sinatura do Decreto de Alcaldía.

Sexta: Extinción do Convenio

O convenio se extinguirá por incumprimento das obrigas de calquera das partes ou por decisión de calquera das partes fundamentada na existencia de causas que obstaculizan o cumprimento do convenio, previa denuncia realizada por escrito cunha antelación mínima dun mes.

O Concello poderá igualmente resolver o presente Convenio, de forma unilateral, sempre que a actuación da productora produza ou xenere prexuízo ou dano grave aos intereses municipais, sen prexuízo da esixencia da responsabilidade que teña podido producir ou derivar.

Sétima: Compatibilidade

A achega concedida ao abeiro desta convocatoria é compatible con outras que puidesen obter o beneficiario doutras administracións públicas, sempre e cando a suma de todas elas non exceda do custo da actividade subvencionada.

En proba de conformidade de canto antecede asinan o presente documento de convenio na data da sinatura dixital.

Manuel Ruiz Rivas

Alfonso Mera Nogueiras



<p>a autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E70010379100D6V9R4H9LOC9 en la Sede Electrónica de la Entidad</p>	<p>FIRMANTE - FECHA MANUEL RUIZ RIVAS-A. CALDE PRESIDENTE - 29/03/2023 ALFONSO MERA NOGUEIRAS-PARROCO SIA UX'A DE RIBEIRA - 03/04/2023 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,C=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 03/04/2023 23:52:27</p>	<p>EXPEDIENTE 2023SUBV000004 Fecha: 20/03/2023 Hora: 00:00 Urc. reg: REGISTRO GENERAL</p>
--	--	---

CSV: 07E70010379100D6V9R4H9LOC9

